

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº120/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de febreiro/ Estado de Entroido

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Finais de xaneiro, de novo problemas coa luz en Ons, ata cando? Páx. 1



O lume en Ons, no tempo do Parque Nacional. Páx. 3



A carreira pedestre a Ons, chega ao seu décimo aniversario. Páx. 4

Ons na Memoria

- Grupo de veciños e amigos na de Checho.
- Unha tarde de troula no chiringo de Mino.
- Bautizo de Uxía, neta de Pepe de Miro.

Páx. 5



Anulado o entroido en Ons por causas meteorolóxicas. Páx. 1



A nova Santa Compañía preto da Illa por mor da treboada. Páx. 4



O Faro de Ons, cara a converterse en espazo cultural. Páx. 9

Breves:

- Necesaria biblioteca no Parque Nacional Páx. 7
- Recuncho gastronómico Páx. 7
- Visita a Ons o 20 de febreiro Páx. 8
- Última hora. Marabedí en Ons Páx 10



A casa, a fábrica e os inventos de D. Diego Pazó en Pontevedra. Páx. 2



Pragueira, boa colaboración cidadá, mala do concello. Páx. 3



Coplas sobre Ons no entroido de Bueu. Páx. 6

OUTRA VEZ, A ILLA SEN LUZ

30/01/2026

Hoxe venres 30 de xaneiro, foi noticia en todos os xornais: *Ons sen luz de novo*. Non quero, e xa o teño dito, entrar en temas políticos, pero a cuestión Social de Ons, por desgraza, é un tema Político.

Dende sempre, a luz na Illa foi motivo de grandes polémicas que non foron quen de darlle vento os políticos xestores. Houbo un momento importante, a principios da década de 1990, cando o Delegado de Agricultura de Pontevedra, Sr. Zugasti, para intentar acalar daquela a enorme problemática urbanística en Ons, tomou unha interesante decisión, traer un xerador máis potente e poñer un novo tendido eléctrico por toda a Illa. Dende ese intre, os aunienses gañaron en calidade de vida, pois os electrodomésticos, entre outros, neveiras e conxeladores, facilitaron a conservación de alimentos.

Pero ese bo facer do Delegado, non era suficiente, pois non permitía o posuír luz as 24 horas do día, debido ao que, a electricidade seguía sendo un problema.

Chegou o Parque Nacional, e nada cambiou, as problemáticas aunienses non foron solucionadas e, entre elas, o tema da enerxía. Houbo un intre que se pensou que si, un acordo, xa asinado entre o Ministerio de M. Ambiente e a Xunta de Galicia, cun presuposto tamén acordado, ía a posibilitar un cable submarino dende terra. Sen saber como, aínda que lle botan a culpa á crise do 2008, o certo é que non se levou a cabo, nin tan sequera cando a crise rematou e chegaron un bo número de cartos de Europa. Que pasaría con eses cartos que estaban xa adxudicados? Coido que non houbo transparencia, que tanto piden hoxe os políticos da Xunta ao goberno central.

En Ons, a luz é un servizo imprescindible para que a veciñanza poda cociñar, quentarse, ducharse con auga quente,...

O butano, no verán, chega aos negocios, cun custo importante para transporte especial, pero non aos veciños e, xa no inverno, sería case imposible, polo que, a electricidade é o único ao que poden botar man para ter unha vida normal en Ons.

Pero, sempre hai un pero, aos responsables da xestión de Ons: Consellería de M. Ambiente, D. Xeral de Patrimonio Natural e Parques, só lles interesan as plantas e os paxaros, os veciños, de cando en vez.

Ons é a única illa do Parque Nacional habitada e iso hai que telo en conta, polo que, Ons, ten que ter un plan reitor especial, onde os servizos para os veciños sexan obxectivo prioritario.

A eterna pregunta é: **En Ons, non hai servizos porque non viven os veciños ou, non viven os veciños porque non hai servizos?**

Ons tivo un servizo, máis que precario de luz ata principios da década de 1990. Intentouse dar unha solución, pero non foi suficiente, aínda así, coas poucas horas de luz e co novo tendido, non houbo problemas de importancia ata agora.

Que é o que está pasando? De verdade que os xestores actuais do Parque non son quen de darlle vento a este problema?

Como xa teño dito é, nestes, chamémoslle, pequenos problemas, que son decisións políticas, é onde se ve o mal funcionamento de quen goberna, sexa do partido que sexa.

Se o goberno actual, non é capaz de darlle vento ao problema da Luz en Ons, que podemos pensar en temáticas máis importantes a nivel Galicia? Dende a administración, xunto cos técnicos, teñen que buscar solucións e alternativas a este grave problema. Coas posibles solucións que vaian atopando, informar delas á veciñanza, e logo, todos en consenso, actuar.



O máis que precario tendido eléctrico que foi quen de dar unha mínima luz e aguantar temporais ata a metade da década de 1990



Novo tendido eléctrico, dende mediados dos 90, que aguantou fortes ventos e temporais con mínimos fallos.



Primitivo xerador que era quen de dar, aínda que de xeito precario, luz aos veciños de Ons.



Novos xeradores, sempre con fallos.



<https://www.pontevedraviva.com/>: El Concello de Bueu volverá a apostar este inverno por la recuperación de una de las celebraciones más singulares de su patrimonio cultural como es el **Entroido de la Isla de Ons**.

La cita será el próximo **8 de febrero**, con una jornada festiva que combinará tradición, música y juegos populares, abierta tanto al vecindario como a las personas que quieran acercarse a la isla para vivir esta experiencia única.

La programación arrancará a las 11.30 horas con la **salida del Entroido y de las máscaras**, que recorrerán el camino desde Pereiró hasta Curro, recreando uno de los momentos más simbólicos de esta festividad. Ya por la tarde, a las 15.00 horas, será el turno de los **mudados**, figuras que representan el caos y la irreverencia propias de estas fechas. El día se cerrará con una **fiada tradicional** a cargo del grupo 'Arredor da Tradición', acompañada de juegos populares como la gallina ciega, la llave o la carrera de sacos.

Para facilitar la asistencia, habrá **servicio de barco** con salida desde el muelle de Bueu a las 10.30 horas y regreso desde la isla a las 17.00 horas. (Hoxe, 2 de febreiro, comunicaron que quedaba anulado por causas meteorolóxicas)

FAMILIA PAZÓ. PONTEVEDRA. Javier Pazó Olmedo

A familia Pazó ten unha ampla relación coa **Illa de Ons**. Primeiro por ser quen fabricou o primeiro motor para dar electricidade aos aunienses nos anos 50, e segundo, porque os Motores Mariños Pazó foron os primeiros que vestiron os barcos de pesca que, a partires da década de 1960, mercaron os aunienses, substituindo ás dornas.

A MIÑA AMIZADE CON JAVIER PAZÓ OLMEDO E FAMILIA

Todo comezou no ano 1967, cando xa cos meus 10 anos e despois de pasar pola escola da Profesora Fefa, na rúa dos Comercios (hoxe Manuel Quiroga) ingresei no instituto de Pontevedra (hoxe Valle Inclán) cos meus pantalóns curtos, chaqueta e garabata (por certo complemento de vestir, que só puxen o día do ingreso no instituto e non volvíñ a poñer máis, agás, con motivo dalgún disfrace de Entroido).

Pois, despois de estar formados fronte a porta do Instituto, fomos chamados polo nome e apelido, e así foi que fun para 1º C, dándose a casualidade que na mesma aula e no mesmo pupitre, sentámonos Javier Pazó máis eu, loxicamente, polos nosos apelidos Pardellas-Pazó.

Dende aquela, comezou unha grande amizade que dura ata hoxe.



Antiga foto do Instituto de Pontevedra. Cedida

Pois resulta, que hai uns días, na casa dun colega pontevedrés, estivemos visualizando en Facebook, no Pontevedratuday, fotos e gravacións da Pontevedra antiga, na maioría de principios do século XX e ata algunha do XIX. Ao ir visualizando, os recordos viñan á cabeza; foron 36 anos vivindo na cidade que me veu nacer e que, dende logo, coñeciamos de punta a chicote, e as anécdotas e vivencias alí pasadas, non se esquecerán nunca.

Na primeira foto que me chamou a atención (Fig.1), sae a alameda e o barrio de San Roque, coa súa capela, pero non visualizabamos a casa da familia Pazó.

Postos en contacto con Javier, dixo que podería ser que aínda non estivera construída e así, case o podemos certificar, ao ver unha das fotos que me enviou, onde se ve a casa coa porta e dúas ventás e á súa esquerda unha casa con muro dianteiro da (Fig 1) que sen embargo, se miramos a (Fig.2) volvemos a ver esa mesma casa e á súa esquerda, xa a casa-palacete da familia Pazó.

Pois que queren que lle diga, nesa mansión temos pasado, toda a cuadrilla que fomos formando, moitas horas de vagar dos sete anos que durou a nosa estada no instituto. Encheríamos máis dunha enciclopedia se nos poñemos a contalo.

Fig. 1



Fig. 2



Depósitos onde depositaban a área que extraían do río Lérez. Invento de D. Diego Pazó, pai de Javier.

De branco, a fábrica de Motores Pazó nas Corbaceiras.



Outras fotos que nos chamaron a atención, polos recordos que nos traen, son os depósitos da área que extraían do Lérez e que estaban situados fronte ao local onde o Club Naval tiñan as piraguas de competición. Foron un invento tamén de D. Diego Pazó. Subiamos pola escaleira, e se estaban cheos, alí, no alto, pasábamos un longo tempo facendo pelexas como se fora un ring. Tamén as centos de horas que pasamos na fábrica de motores Pazó que estaba na costa de San Roque, dende construíndo algunha cousa ata arranzando un barco antigo de D. Diego, co que pensabamos navegar. Ilusos, nunca saíu da fábrica.



As dúas fotos de arriba pertencen ao incendio da zona da Entenza, en Curro, no 2009. A de abaixo, no lugar de Fedorentos, ao sur de Ons, no ano 2020.

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (VIII)

E xa entramos no novo milenio, 2000. Ons pasa a formar parte do único Parque Nacional galego a partires de 2002 e, aínda que bautizado polo chapapote do Prestige, pronto comezou a súa singradura como integrante do Parque.

Os veciños non as tiñan todas consigo, non confiaban en que a declaración de Parque fose a traer boas novas para eles e a Illa, e coidamos que tiñan moita razón. O que si, con respecto aos lumes, o tema foi moito mellor.

Seguindo os pasos comezados na década de 1990, os seguintes anos, ata o presente, os incendios non tiveron presenza en Ons, agás un par de veces, pero dende logo, sen intención e perfectamente controlados polo persoal do Parque e cos medios que despregaron dende a Xunta.

O primeiro incendio da era do Parque, (2009), tivo lugar no barrio de Curro, no lugar da Entenza a carón da mina que abastece de auga ao barrio. Non chegamos a saber que pasou, debeu ser algo fortuíto, por descoido, nunca intencionado e que foi perfectamente sufocado entre o retén de incendios da illa, xa que foi no verán, e polos reforzos que viñeron deseguida, helicóptero e persoal especializado.

O segundo (2020) tivo lugar na zona sur da illa, en Fedorentos. Segundo parece pola acción dun raio. Foi máis complicado de sufocar, ao ocorrer de noite e non poder actuar os medios aéreos, pero, como o de Curro, non tivo graves consecuencias. Tan pronto como puideron achegarse á illa os medios aéreos e o persoal terrestre de incendios, quedou sufocado ao momento.

Penso, que dende que Ons pasou a formar parte do Parque Nacional, estes dous foron os únicos incendios, minimamente importantes, que se deron na illa, quizais puido haber algún pequeno conato nalgún momento puntual nestes case 24 anos, pero, se o houbo, debeu ser ínfimo e rapidamente solucionado. Podemos dicir logo que, dende os graves incendios da década do 1980, o tema do lume foi indo a menos, ata chegar aos nosos días sen que esa lacra sexa un problema en Ons.

Pero, sempre hai un pero, non debemos baixar a garda, só temos que mirar o ocorrido en Galicia e España en xeral, neste pasado ano de 2025. Energúmenos dispostos a facer mal, sempre hai e, se aínda por riba non estamos preparados e falta prevención, estamos apañados. Din: ***Os lumes apáganse no inverno!!!***

Vou deixar para a entrega do próximo número de Onstopus, o tema de **PREVENCIÓN** do lume en Ons, pois, aínda que, ata o de agora, estivo bastante controlado, hai detalles que se necesitan mellorar.

Analizareino na última entrega deste tema no seguinte Onstopus.



Este é o camiño por onde discorre a Ruta do Pai Sarmiento, en Pragueira. O lixo que ven os das andainas ao pasar.


PRAGUEIRA: COLABORACIÓN CIDADÁ (7/02/2026)

Pragueira é unha praia do lugar de Aios, parroquia de Noalla, concello de Sanxenxo, que atópase fronte a engaiolante Illa de Ons. É moi visitada en verán, pero tamén no inverno. Polo camiño que está ao seu carón, pasa a **Ruta do Pai Sarmiento**.

Fálase moito, en contextos diferentes, da importancia da colaboración cidadá, e non cabe dúbida que o persoal está polo labor, pero quen o pide, é a administración, para logo, esa mesma administración, sexa a que non cumpre.

Aquí un exemplo: Esta praia, cando hai marea baixa, é ideal para pasear. Fano moitas persoas, e un bo número delas, aproveitan ese paseo, para facer patria ecolóxica, e dedícanse a coller aqueles elementos que atopan na area e que van a prexudicar ao medio mariño. Logo deposítano onde coidan que os membros do concello van a retiralos (ver foto). E aí é onde falla a administración (**neste caso Concello de Sanxenxo**), aí quedan ata que o vento os devolve de novo á praia.

Así funcionan certas administracións e concellos.



GRANDES FESTAS NA ILLA DE ONS, BARCOS AO RESGARDO... ou A SANTA COMPAÑA?

Levamos máis de tres meses de borrasca en borrasca. A chuvia, por máis que digan que: *<en Galicia é arte>*, xa non ten ata os collóns, e perdoen a expresión, pero necesitamos un pouco de sol e bo tempo. Algúns xa temos escamas de peixe de auga doce, no canto de pel. Como di o meu bo colega meco, Fuentes: *“Un completo desastre”*.

Pero ben, a todo se lle busca miga, senón que llo digan ao noso amigo Davila, que todos os días nos deleita co seu humor *<borrascoso>* no Faro de Vigo.

Pois, dende hai uns anos, Ons, ao igual que as Cíes, convertéronse, nun fondeadoiro de buques de carga cando hai aviso de temporal. Nestas últimas borrascas, chegou haber ata 7 fondeados a carón de Ons.

Un día, cando chegaba a casa pola costeira, entre O Grove a Sanxenxo, atopei no alto (coido que chamado Rozas Vellas) entre as praias de Pragueira e Major, a un bo número de coches parados e xente mirando cara ao mar, en dirección á Illa de Ons.

Parei e achegueime por se ocorrera algo. Era noite pecha, parara de chover e abriuse un anaco no neboeiro ou treboada, que permitía ver un mundo de luces a carón de Ons.

Ese era o motivo, os alí presentes non sabían que podía ser e especulaban. Uns dicían que eran as luces de Ons e que debería haber festa; e outros dubidaban que si barcos pescando á sardiña ou algún tipo de accidente marítimo ao que estaban a socorrer.

Aínda que o tomen de chanza, tan pronto comprobei o detalle, comentei en voz alta: *“Como van a estar pescando á sardiña con este temporal, e, din que festa na Illa, estamos en febreiro, que festa vai haber, e menos con este tempo”*.

E xa, para poñer un pouco máis de mofa, engadín: *“Esa é a Santa Compañía, que viña da Illa cara a Noalla, pero co trebón, perdeuse e desviouse. Unha cousa vos vou dicir, como chegue aquí e vos mire, algún vai a levar a Facha”*.

E collín e, un pouco apurado, fun cara ao coche e marchei.

Como vivo, a pouca distancia dese alto, puiden comprobar como, en nada, xa non había nin coches nin persoal de miranda. Como di o refrán: *“Quen ten cu, ten medo”*.

X VOLTA E ANDAINA Á ILLA DE ONS 2026

Veñen de pasarme esta nota con respecto á Carreira Pedestre *“Volta á Illa de Ons”* que contará tamén cunha andaina e que este ano cumpre o seu décimo aniversario.

Levarase a cabo o 26 de abril de 2026. Consta de 19 km e a andaina 10'5. Xa están dispoñibles as inscricións en ccnorte.com

Detalles Clave da X Volta á Illa de Ons 2026:

Data: Domingo 26 de abril de 2026.

Lugar: Illa de Ons (Pontevedra). Saída dende a igrexa de Curro.

Modalidades: Carreira (19 km) e Andaina/Camiñada (10,5 km).

Inscrición: Coste de 30 € a 35 € (inclúe billete de barco ida/volta, seguro e camiseta)

Transporte: Barcos dende Bueu con saídas a partir das 08:15h e regreso dende as 17:00h, operados por *Piratas de Nabia*.

Animamos dende aquí a pasar un día en Ons vivindo a carreira, animando aos participantes e gozando da súa paisaxe e gastronomía.



Arriba, saída da carreira no 2014
Abaixo, antes da carreira no 2015



Illa de Ons.
 Jacinto, Tinón, Pepudo,
 Maquinos & Arturo Goberna.
 "Tomando un vino entre amigos"
 (aka Checho) - Julio 2.018
 Nando

ONS NA MEMORIA

Hoxe, 18 de febreiro de 2026, ordenando un mundo de documentos sobre a Illa de Ons, atopei esta fotografía que, no seu momento, mandoume a persoa que a fixo. Non sei exactamente quen foi pero, dende logo, agradézolla, como supoño, agradécenlla os demais que nela saen.

Aí estamos, na antiga mesa da partida de Checho, loxicamente, partida xa rematada e saboreando un Rioxa.


Pasaron xa uns anos, nada menos que 8, aínda que me parecen poucos, segundo pon na parte traseira da foto, co inesquecible Jacinto de Moaña e traballador de Parques. Dubido da data.



FAMILIA DE ONS, EN CANTABRIA

Si neste pasado verán celebrabamos en Ons a Primeira Comuñón de Daniela, a neta de Pepe de Miro e Isa. De novo, aquí vemos á filla de Pepe e familia en Cantabria, no bautizo de Uxía, a súa segunda neta.

PARABÉNS para os pais, avós, tíos, irmá e familia.



Que tempos no chiringo de Mino, cando estaba na praia de Area dos Cans e que, con pouca cousa celebrábase calquera acontecemento.

De dereita a esquerda: Blanca, Pepe de Vigo, Tinón, Tore e a súa noiva. Quizais polos mediados dos 90 s. XX

O ENTROIDO EN BUEU. COPLAS 2026 SOBRE A ILLA DE ONS

Como todos os anos por estas datas, traemos a este minixornal o entroido de Bueu por medio das coplas que falan sobre a illa de Ons.

Un ano máis, sentimos a falla neste eido da famosísima e emblemática comparsa **Vou nun Bou**, que leva uns anos de seca en estrofas sobre Ons. Unha pena pois eran das máis orixinais e punteiras en temática auniense.

A ILLA É DELA

“La cumbia del vino” - Jenny and the Mexicats

Este ano vou de vacacións
mirei unha oferta pa ir a Ons,
reservei unha casíña
con vistas á ría

E non sabes ti que pasou,
casí se me para o corasón
había xente dentro
e quedei porta fóra

Ai, ai, ai , Ai ai
Eu quería ir a Ons
e resulta que era un timo
Ai, ai, ai , Ai ai
E menudas vacacións
que acabaron nun suspiro



Non fun o pardillo da ocasión
houbo moita xente que picou
Saleu na ghallegha
e nas redes sosiales
E co dos fondeos outro show
teño un conosido que alquilou
e non pudo fondear
a moto de aghua

(Estribillo)

E cos cartos escapou pa GHuesca
“Y la gente petando en la puerta”
Devuélveme el dinero sin vergüenza
E cos cartos escapou pa GHuesca
“Y la gente petando en la puerta”
Xa non quedan plajas está chea

(Estribillo)

FANECA INGLESA

“Cuéntame que te pasó” - Manhattan Transfer

IOA IOAE, IOA IOAE (x4)
Cuéntame que te pasó? BIS

Marchamos pola tardiña,
na miña lancha fomos pra illa
e no muelle amarrada ali quedou, (que guai!)
Cuéntame que te pasó? BIS

E ali tomamos unhas tapiñas,
De rape, con zamburiñas
Pero chegou a hora de partir, (ai ai!)

Pero jodeume a freghona máis o pau
PAU PAU, ACHICA ACHICA ACHICA , PAU PAU (x3)
Vamos a pique
hai que volver para o peirao
a culpa é da freghona e máis, do pau pau
PAU PAU, ACHICA ACHICA ACHICA , PAU PAU (x3)
IOA IOAE, IOA IOAE (x4)
Cuéntame que te pasó? BIS

A lancha proa parriba,
pa reflotala veu “Tiramillas”
e foiche contratado polo ServiSub

Quen a afundeu foi a freghona máis o pau
PAU PAU, ACHICA ACHICA ACHICA , PAU PAU (x3)



A ILLA E NOSA

Fun para Ons a veranear.
Tiña aluguer, vistas ao mar.
Rematei durmindo tumbado ao serán
porque unha señora fodeunos o vrán.
Meteunos un timo,
seica eramos catro, cinco ou seis.
E chegaba a cola a catorce, ou quince ou dezaseis.
Podeu chegar a moitos máis,
e alí quedou ese pastel.
Ela se foi para Teruel.
E con este timo foise destapar,
as casas da Illa non son pa alugar.
Soio pa habitalas por a xente que ten casa en Ons.
E arriando o galo,
que van ir chegando as sancións.
Esa muller, muller de Ons,
que veu tocarnos os collóns.
TURUTAS



OS MULOS



BUEU 2026

Fugitive ILLA

(“Olvidame y pega la vuelta”, Pimpinela)

Hace dos años y un día perdí a mi bebé...
Fun a parilo na illa e non o atopéi.
A ecografía enmarcada que un día saquei de internet
co meu peixiño inventado algúns cartiños ghañei.

- E O CARRO? -Non sei.
- E TARXETA BEBÉ? -Ghasitei.
- E A ROUPA? -Tomén,
xa teño todo vendido na conta do Vinted.
Agora pagha que deixei os pufos
por todas as tendas que estaban de moda.
- E AGHORA QUE VAI SER DE MIN?
- Cala, ti saca a tarxeta, eu chupo da teta
traballar non me peta.
...Eu non estaba preñada quedei cos
regalos e a cona máis chea.....


Na reunión de veciños eu me presenteí
pero as cantas non dabán; só eu sei por que.
Unha ghran voda na illa que eu soa me
imaxinei
e confundin a cartilla, mira ti como desfalquei.

- XA ESTÁ? - O que.
- NON HAI MÁIS QUE ROUBAR? - Sabes
ti...
-XA ESTÁ! -Moi ben,
márcho con todos os cartos a vivir de
perle.
Eu diso paso, non era o meu cargho
estaba autorizada pero eu non mandaba.
- Á NOTARÍA EU PRA QUE FUNI?
-Sintoo, non chegho moi lexos,
non acabei a ESO o ti vas ir preso.
...Eu márcho cos cartos ti queda no piso
que eu teño outra presa

Unha casíña na illa un día alquilei
a máis de 20 familias non contei moi ben...
Chegharon coas maletas non había onde os
meter
e meu irmán dende dentro non sabía ben que
facer.

-QUIÉN ES? -Son eu
-CÓMO TENGO QUE PAGAR?-Bizum,
Xa é tarde. -POR QUE!
Xa teño todo ocupado con tanto aluguer.
Por iso márcho, voume pra Zamora
a ghasitar os cartos que teño estafados.
-AHORA DÓNDE VOY A DORMIR?
-Deixa, non perdas o tempo e vai para o
campiño ou chama á de Checho.
-LA POLICIA TE VA A COGER!
-Cala, non é nada de eso, es miña fonte de
ingreso eu non pegho selo

...Eu márcho cos cartos ti durme no hórreo
que é unha experiencia...
Eu márcho cos cartos ti durme no hórreo...
QUE É UNHA EXPERIENCIA



A ESTAFILLA

Música: Ranchera

Fomos a coller o barco
casa e viaxe na naviera,
levamos os jastos pajos
pa unha casa de sinco estrelas.
Fomos con todo incluído,
tamén hai generator,
pero levamos un susto
o entrar nesa habitación.
Que cheiña estáaaa
a casa vacacional,
levaban dúas semanas
e non marchan ata mañán
da casa vacacional.
Fomos a quedar sin cama
e a durmir a Area dos Cans.

Esta historia tenche guasa,
parece que foi mentira,
xa sabía que a comparsa
lle iba a faser unha letrilla.
Dónde ostias estaaaá
alíjn querria coljar.
Si non nos devolve a pasta
¡VAMOLA IRA BUSCAR!
Coa corda para coljar.
Si non nos devolve a pasta
vámola ir a buscar.

Fomos falar con Patuco
si nos podía deixar
unha noite na chabola
pero non tiña onde cajar.
A fulana foiche fina
como nos fixo a xogada,
ela foi pa Sarajosa
e agora di que non sabe nada.
Como nos foron jodeeerrr
topamos na habitación
unha familia completa
¡CUNHA VELLA EN CAMISON!
topamos na habitación
unha familia completa
cunha vella en camison.
Foi lista como unha ardilla
cando foron denunsiala
enjanchouna a polisia
pero o ferro non aboiaba.

Uns marcharon pa Melide
pa de Manolo Lubina,
durmiron 5 na cama
e outro máis durmeu na coxina.
Os cartos no apareseron,
non sabemos si a coljaron,
escapou pos Pirineos
Pero que lojo a toparon.
Como nos foron jodeeerrr
topamos na habitación,
unha familia completa
¡CUNHA VELLA EN CAMISON!
Topamos na habitación,
unha familia completa
cunha vella en camison.
MUSICA
Como nos foron joder
topamos na habitación,
unha familia completa
¡A PATUCO EN CAMISON!
Topamos na habitación,
unha familia completa
e a Patuco en camison.

IMPRESINDIBLE UNHA BIBLIOTECA OU ARQUIVO NA SEDE DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS (I)

Introdución (I)

Xa son 51 anos vinculado á Illa de Ons. Alá polo ano 1977, comecei a miña tarefa de busca de todo tipo de datos sobre esta engaiolante e insospeitábel illa. Despois de moito procurar documentación sobre ela e só atopar un par de traballos interesantes decidín, a carón de seguir coa busca, comezar a recompilar, na propia illa e cos aunienses, todo tipo de datos sobre as súas singularidades: sociais, históricas, etnográficas, naturais, económicas,...

Puiden comprobar o excepcional e feiticeiras que eran as súas características e calidades e parecíame increíble que a ningún estudoso se lle dera por investigalas e dalas a coñecer, polo que comecei unha pequena campaña mediática sobre elas, sobre todo en prensa, co fin de divulgarlas e motivar a especialistas nas distintas especialidades para que as investigaran.

Tardou en dar resultado, pero a base de insistir, houbo un pequeno interese pola illa e o seu estudo, pero, sobre todo e debido á falla de referencias sobre Ons, os que querían información sobre ela, acudían a min, e non é por xactarme, para saber máis, que lle dera datos, pedir bibliografía, axudalos a entroncarse coa veciñanza,...., ou simplemente para obter algún tipo de dato especial, foto, gravación, vídeo,...., sobre algunha das súas características.

Sen ánimo de ser fachendoso, podo dicir que unha maioría das persoas que querían investigar sobre Ons, facer algún tipo de traballo, documental, tese,...., programa de televisión, artigo periodístico,...., antes, durante ou posteriormente, poñíanse en contacto comigo (e a partir de 1998, tamén coa Asociación PineirÓns), ou nós con eles se o considerabamos importante, polo menos, ata un par de anos despois de pasar Ons a pertencer ao Parque Nacional e, aínda así, seguen facéndoo, pero menos.

Como dicía, a partires de integrarse no Parque, as persoas interesadas acoden a este organismo na procura de información e axudas, polo menos nun primeiro intre, aínda que, a maioría das veces, non atopan a información que buscan pola falla dun lugar, material a disposición e persoal adecuado para procurala, agás algunha excepción.

Continuará



Tinón, á dereita, co escritor Lino J. Pazos, na presentación do libro dos Naufraxios das Rías Baixas, do nº 3 de Aunios e na inauguración dunha exposición fotográfica sobre Ons.



Tinón, á esquerda, co actor Morris na presentación da película, rodada na illa, e con título "Ons".



RECUNCHO GASTRONÓMICO

- Tremendo cocido dalgúns dos membros de PineirÓns en Casa Cochón, Campañó.
- Alvarito preparando uns moelos en Ons, acompañados de Ramón o de Bilbao.



VISITA Á ILLA DE ONS O 20 DE FEBREIRO

Co tino de ir buscar aos traballadores que están levando a cabo obras na Illa, puxeron barco e moitos veciños achegáronse para ver o estado das súas vivendas despois dos temporais. Algúns facía máis de catro meses que non puideran ir mirar.

Moi de vagar, coa tranquilidade que dá o inverno auniense, din unha volta para ver se as borrascas fixeran moito dano. Podo dicir que, polo menos na zona dende Curro a Pereiró e dende Curro ata Chan de Pólvora, pouca cousa.

No próximo Onstopus de marzo, falarei sobre elas de xeito máis extenso, agora só unhas fotos cuns pequenos comentarios.



A varanda do peirao un pouco deteriorada por varias partes.



Moito material de obra. A ver se a climatoloxía os deixa traballar adecuadamente.



Interesante aumento de area na duna de Canexol.



Graves desprendementos de terra ao longo de todo o cantil de Canexol. Perigo para as cubas de salga romanas e con risco para o camiño cara a Pereiró.



Bo estado das novas rodeiras de Pereiró, aínda que haberá que realizar algún arranxo para evitar que as correntadas, onde hai costa pronunciada, deterioren a zona de terra.



Abundante auga por toda a Illa. Sería interesante aproveitala.



Na foto da esquerda vemos unha especie de rodeira, con máis ancho do habitual que, neste intre, vai dende o camiño do Faro cara ao Cámping. Será para unha subida máis doada cos carros?
Na da dereita, o Gran Cesáreo, que segue co brazo mal, na súa finca botando unha ollada a parte da súa plantación

FARO de ONS

A SÚA ALEGRÍA É INMENSA.

XA BRILA EN TODO
O SEU EXPLENDOR.

A SÚA TEIMA, VAISE A
FACER REALIDADE

CONVERTERASE NUN MUSEO!!!



Puerto de Marín

Autoridad Portuaria de Marín
y Ría de Pontevedra

EL PRESIDENTE DE LA AUTORIDAD PORTUARIA SE REÚNE CON REPRESENTANTES DE COLECTIVOS CULTURALES DE BUEU

(17/02/2026)


El presidente de la Autoridad Portuaria, Jose Benito Suárez Costa, recibió esta mañana a representantes de varios colectivos sociales y culturales de Bueu interesados en el futuro del faro de Ons. En concreto, acudieron los portavoces de la asociación ecologista Anduxía, de la asociación cultural PiñeirOns y de la asociación de amigos de las embarcaciones tradicionales Os Galos.

Suárez Costa les explicó el interés de la Autoridad Portuaria por impulsar un uso cultural para el futuro del faro de Ons que sea compatible con su función principal como elemento de ayuda a la navegación y las gestiones realizadas hasta el momento a través de contactos con las diferentes administraciones implicadas.

El presidente de la Autoridad Portuaria señaló que es una gran oportunidad para abrir una "vía de comunicación directa que sirva para el intercambio de ideas y sugerencias sobre el futuro proyecto". Suárez Costa recordó a los portavoces de las asociaciones "el indiscutible compromiso" de la Autoridad Portuaria con la conservación y difusión del patrimonio cultural e histórico vinculado al mar.

La Autoridad Portuaria acaba de publicar un libro sobre la historia de las señales marítimas de la Ría, titulado "Rojo a Babor", una exhaustiva investigación histórica sobre cada una de las ayudas a la navegación de la Ría de Pontevedra que está siendo distribuida en bibliotecas, archivos, centros educativos y museos del entorno para ponerla a disposición del público en general. Además el año pasado editó una publicación que recogía un catálogo de piezas históricas vinculadas al servicio de señales marítimas.

Á esquerda: María G. Eyo e José Benito Suárez Costa.
A dereita: Suso Framil (Anduxía), Tinón Pardellas (PineirÓns)
e Fernando García (O Galos).



ÚLTIMA HORA

Cando xa tiña pechado este número (120) de Onstopus e esperaba ao luns para o seu envío, xurde unha nova que podemos considerar de interese, aínda que serán os especialistas os que determinen se o achado pode ter o título de *Importancia Histórica* ou *Arqueolóxica*.

Trátase da aparición, na Praia das Dornas (Illa de Ons), a máis achegada ao actual peirao, dunha moeda datada, posiblemente, entre os séculos XVI a XVII, coñecida como **marabedí**.



OUTROS ACHADOS DE MARABEDÍS NAS ILLAS DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS

Moi interesante e á vez anecdótico é que entre os anos 2021 – 2026, apareceu un **marabedí** en Sálvora (2021), en Cortegada (2022) e Ons (2026).

<https://www.farodevigo.es/arousa/2021/07/19/maravedi-isabelino-camino-salvora-55204746.html> (Sálvora)

<https://www.farodevigo.es/arousa/2022/02/06/maravedi-cortegada-62352277.html> (Cortegada)

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/pontevedra/2026/02/21/aparece-ons-moneda-1622-reciclada-anos-despues/0003_202602P21C7993.htm (Ons)

As de Sálvora e Cortegada foron achadas polo persoal de Parques, sen embargo a de Sálvora por membros de Greenpeace.



O marabedí de Cortegada

O marabedí de Sálvora

NECESARIA INVESTIGACIÓN SOBRE A ETNOGRAFÍA DE ONS

Dende hai máis de 40 anos vimos solicitando aos organismos xestores do Parque e, sobre todo, de Ons, que promovan e patrocinen estudos sobre temática Histórica e, en especial, **Etnográfica** pois é a que está a piques de desaparecer.

A arqueolóxica, a partires do ano 2009, comezou timidamente cuns traballos de Catalogación patrocinados polo Parque e realizados pola arqueóloga Paula Ballesteros. Tiveron despois que pasar 10 anos, e grazas á petición da Uvigo, para que o arqueólogo Adolfo Fernández e o seu equipo, comezara as primeiras escavacións arqueolóxicas na zona de Canexol para investigar a salga romana e posteriormente a escavación do Castro de Canexol, cuns resultados espectaculares.

A especialidade **Etnográfica**, coa mesma cantidade de anos solicitando que se investigue por persoal especializado, está a piques de perderse, pois ese boca a boca, como se transmite, coa desaparición dos aunienses máis vellos e co cambio cultural que supuxo a emigracións forzosa cara ao continente, pérdese a pasos de xigante.

Aproveitando este achado, volvo a pedir aos xestores do Parque, ás Consellerías de M. Ambiente e Cultura, á Deputación de Pontevedra, ao Concello de Bueu, ..., que busquen o xeito de patrocinar, promover, fomentar, ..., estes estudos etnográficos.